

COMUNICADO Nº 133/22
15 DE XULLO DE 2022

PROPOSTA KARTS ELÉCTRICOS PARA A TEMPADA 2023 NO CAMPIONATO DE GALICIA DE KARTING (CGeK 23):

Despois da participación de dous karts eléctricos, no circuito de Outeiro de Rei, e ante moitas consultas de pais e de pilotos da especialidade de cómo se podería competir cos **e-karts** no vindeiro Campionato de Galicia 2023, nunha categoría exclusiva (equivalente a alevín/cadete/mini) dentro do calendario do Campionato Galego 2023. A empresa "Little" e a "Federación Galega de Automobilismo" veñen de iniciar negociacións para a nova iniciativa (e-kart skilled) a empresa "Little Electric Car" poría karts en réxime de aluguer, previa solicitude e contrato de compromiso (por proba ou por todo o Campionato-cinco probas). A categoría iniciase con tres e-karts, propiedade de "Little", en réxime de aluguer (mínimo) e ampliarase baixo pedido-contrato. Tamén se poden mercar:



CONTACTO

(+34) 900 480 000

WWW.LITTLE-CARS.ES

INFO@LITTLE-CARS.ES

Información: Os pilotos interesados en inscribirse nesta categoría terán que abonar a inscrición en cada proba, tickets de pista, pneumáticos Lecont, así como o aluguer do e-kart (adestramentos) sábado (250 euros) e da proba domingo (750 euros) a "Escudería Little Electric Car", que inclúe o aluguer do e-kart, a loxística, asistencia mecánica, asistencia do Powertrain eléctrico, recargas en adestramentos e carreira, e formación en karting eléctrico.

Este fin de semana (16 e 17 de Xullo do 2022) participarán dous e-karts, no 37º Karting da Magdalena, e podedes comprobar a fiabilidade e prestacións dos e-karts.

A Federación, o fabricante, e a Comisión Galega de Karting están a estudar o regulamento 2023, coa implantación da nova modalidade, técnico-deportivo e protocolo de seguridade específico.

*** Para velo pincha enriba**

Federación Galega de Automobilismo

Little e-motor sport

CAMPEONATO GALLEGO DE e-KARTING 2023

PRIMERA COMPETICIÓN DE KARTS ELÉCTRICOS SOSTENIBLES EN GALICIA

COMISIÓN GALEGA DE KARTING